

PROGRAMACIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR 2021/ 2022

CONTEXTUALIZACIÓN

O CRA Raíña Aragonta é un centro que se atopa no Concello de Salceda de Caselas. Na actualidade este centro consta de 15 aulas de Educación Infantil (8 aulas están na sede do CRA e 7 aulas atópanse nas parroquias do concello).

A biblioteca escolar do CRA Raíña Aragonta sitúase no edificio da sede do CRA (no primeiro andar). A biblioteca é un espazo cheo de fantasía, ilusión, imaxinación, información... e tamén é o punto de encontro de toda a comunidade educativa. Dende a biblioteca sae o fío condutor do proxecto do centro que este curso é “**Caselín dá a volta ao mundo**”.

O centro consta soamente co segundo ciclo de Educación Infantil, polo que, o que pretendemos nestas idades é fomentar o uso e pracer pola lectura, así como inicialos en hábitos lectores. Fomentando estes hábitos logramos que os nenos e as nenas desenvolvan a súa capacidade de concentración e a memoria, aumenten a súa cultura, melloren a súa linguaxe e estimulen a imaxinación e a súa creatividade.

Neste curso escolar 2021-2022 estaremos en constante comunicación coa Asesoría de Bibliotecas escolares (o lema elixido para este curso escolar é “**A biblioteca escolar ten a palabra**”) e en constante traballo por parte do equipo de biblioteca para adaptarnos ás diferentes situacións que se nos poidan presentar.

Para levar a cabo todo o traballo, contamos cun **equipo de Biblioteca Escolar** formado por:

Alonso González, Elvira (coordinadora do equipo)

Balseiro Aguilar, Sandra

Cid Vilachá, Marta

Feijóo Ramos, María

Ferro Rodríguez, Laura (Novoa García, Raquel)

Leirós Pereira, Iris

Pérez Pelayo, Beatriz
Rodríguez Da Silva, Sara
Rodríguez Fernández, Abraham
Rodríguez López, María Luz

OBXECTIVOS

Neste curso escolar 2021-2022 pensamos continuar con algunhas das liñas de traballo empregadas (xa que observamos grandes froitos), pero tamén queremos crear novos recunchos e espazos para integrar a biblioteca na vida cotiá do centro e na comunidade educativa.

A continuación especificamos os obxectivos que deseñamos para este curso escolar:

- Fomentar a participación e implicar a comunidade educativa na vida da biblioteca escolar.
- Lograr unha correcta coordinación cos equipos do centro.
- Deseñar o plan anual de lectura e o proxecto lector coa colaboración do equipo docente.
- Deseñar actividades de alfabetización mediática e informacional para a comunidade educativa.
- Fomentar o emprego e bo uso da biblioteca así como de todos os seus recursos dispoñibles.
- Deseñar actividades de formación para o profesorado e formación de usuarios.
- Crear carnés a todo o alumnado de nova incorporación.
- Fomentar o interese do alumnado polos libros e o pracer da lectura atendendo ao proxecto lector.
- Dar resposta as NEAE que poidan xurdir.

CONTIDOS

- Deseño de actividades de animación a lectura.

- Formación, deseño e organización de protocolos para a utilización da biblioteca escolar.
- Difusión de recursos, contidos, actividades, formación a través da páxina web da biblioteca.
- Ampliación do catálogo virtual.
- Potenciación do uso de xogos e de materiais manipulables que se atopan na biblioteca.
- Adquisición de fondos para seccións que se atopan máis escasas.
- Comunicación con outras bibliotecas escolares ou municipais.
- Catalogación e revisión dos fondos bibliográficos existentes.

AVALIACIÓN

Partimos dunha **avaliación inicial** e valoración e análise dos obxectivos e aprendizaxes. Para isto, seguimos as indicacións da Asesoría de Bibliotecas Escolares ademais de realizar diferentes enquisas tanto ás familias como ao profesorado para observar e detectar as necesidades e posibles camiños a seguir.

Tamén en reunión con todo o equipo debateremos e reflexionaremos sobre os seguintes puntos:

- Analizar os servizos virtuais ofertados: (Ofertamos apoio e servizo á comunidade? Empregamos ferramentas accesibles? Aportamos recursos axeitados? Houbo interacción entre as familias e a biblioteca? Procuramos a colaboración con outros axentes educativos? A comunicación foi eficaz? Que medios utilizamos? Contribuíron as propostas de biblioteca á adquisición das competencias?)
- Valorar a implicación e participación da comunidade educativa: profesorado, alumnado, equipo directivo, familias.
- Identificar cales das actividades propostas neste período deben manterse ou adaptarse no futuro: pola súa presenza, polos resultados obtidos, polo seu significado.

- Revisar as liñas prioritarias cara o novo curso tendo en conta as dúas ideas forza: a biblioteca escolar como centro creativo de aprendizaxes e viveiro de cidadanía e a alfabetización mediática e informacional da comunidade educativa.

Avaliación continua: co fin de que a presente programación poida levarse a cabo axeitadamente, realizaremos unha avaliación continua a través de diferentes indicadores de avaliación modificando aqueles aspectos que se consideren necesarios. Isto será posible porque o equipo de biblioteca reunirse constantemente e tratará de coordinarse co resto de equipos (sexa de xeito presencial ou virtual) detectando necesidades ou desaxustes na planificación inicial. Nestas supervisións teranse tamén en conta os datos obtidos nas reunións xerais, así como os das enquisas realizadas ás familias e as achegas que poden engadir nos comentarios das publicacións na páxina web. Informarase tamén ao claustro das actividades e ofrecerase información para poder empregar axeitadamente a biblioteca. Asemade, na memoria final quedará recollida calquera modificación levada a cabo e os aspectos a mellorar para o curso seguinte.

Para deixar constancia desta información e poder facer un mellor seguimento, quedará reflectido nunha táboa de rexistro, especificando o obxectivo, a actividade realizada, o grao de consecución, a avaliación e os aspectos a mellorar. Esta valoración será realista e concreta.

METODOLOXÍA

As bibliotecas escolares son instrumentos dos centros educativos ao servizo das competencias clave e como tales poden albergar propostas moi diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de forma transversal ou interdisciplinaria, que conecten distintas áreas de aprendizaxe, que impulsen prácticas metodolóxicas activas e faciliten, así, a adquisición destas competencias clave, incluída a competencia dixital no seu máis amplo significado.

A metodoloxía da que somos partícipes é o traballo por proxectos, posto que consideramos que desenvolve aspectos importantes da personalidade do alumnado e permite traballar as competencias clave de forma diversa.

Horario

A biblioteca da sede estará aberta durante todo o horario lectivo. Para facilitar a utilización e organización da mesma existe un cadro de horario onde o profesorado pode anotarse. Para as bibliotecas de parroquias, o titor/a deberá xestionar a súa biblioteca de aula. É obrigatorio cumprir con todas as normas e adaptación aos protocolos.

Ademais seguiremos abrindo os martes de 16:00 a 16:30 para os préstamos ás familias. Esta acción foi modificada o curso pasado para adaptala á situación sanitaria. Así pois, para préstamo de libros será necesario posuír o carné da biblioteca e realizar os seguintes pasos:

- Entrar na páxina web do centro, sección biblioteca. Alí aparecerá o CATÁLOGO VIRTUAL onde podemos realizar a busca do libro que nos interesa. Tamén haberá múltiples recomendacións.
- Unha vez elixido o libro, enviar o título e o número de carné do alumno/a ao correo da biblioteca: bibliotecarainaarangonta@gmail.com
- Os martes de 16:00 a 16:30, haberá un mestre ou mestra na Porta 2 cos libros preparados para a súa entrega. No caso de non ter o libro elixido dispoñemos dunha librería con varios títulos para elixir.
- No caso de non ter conexión a Internet, ordenador, móbil... pódense achegar ata o centro ao posto de biblioteca que haberá na porta 2 e elixir no catálogo ou nos contos que se expoñan ese día.
- Para a devolución dos libros: os martes de 16:00 a 16:30 teremos un caixón para depositar os libros devoltos e que pasen a correspondente corentena.

Espazos

Dende o equipo de biblioteca planificaremos os distintos escenarios, os espazos, o aforo máximo, as condicións de préstamos, as actividades a realizar dentro da biblioteca así como as medidas hixiénicas imprescindibles para a súa utilización. Farase difusión a través da páxina web, claustro e das titores/as para que toda a comunidade educativa sexa informada.

A biblioteca escolar debe seguir sendo, na medida do posible, o espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes. O seu funcionamento supeditarase, en todo caso, ás pautas ditadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o conxunto do centro educativo.

Os espazos principais da biblioteca son:

Amplo espazo de cinco postos para distribuír ao alumnado nos seus grupos de convivencia estable (as aulas de parroquia dispoñen do seu espazo particular.)

Recuncho Maker: onde se centraliza todo o material TIC e dispón de varias maletas creativas e sensoriais para a aprendizaxe experimental. (As aulas parroquias dispoñen dunha maleta cos diferentes recursos e materiais para levar as súas aulas)

Espazo virtual: tamén contamos co espazo da páxina web do centro onde se atopa o blog da biblioteca. Este espazo é de gran axuda para a difusión e participación de toda a comunidade escolar.

Actividades

A biblioteca escolar é o viveiro do centro. A través dela, independentemente da situación sanitaria, debemos dinamizar, formar, comunicar, animar e difundir o amor e aprendizaxe a través da lectura e a través da utilización de diferentes medios. Trátase de partir dun escenario creativo de aprendizaxe. Este ano o proxecto versa sobre: A volta o mundo. Sobre esta temática irán deseñadas as actividades de biblioteca escolar.

Contemplamos dous tipos de actividades:

Actividades fixas durante todo o curso escolar. Realízanse a través da páxina web e preséntanse a través de diferentes plataformas ou recursos dixitais. Realizaremos a súa difusión para a correcta implicación do alumnado e profesorado.

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	DESCRIPCIÓN
Videocontos	1 trimestral	Realización dun videoconto que sexa significativo co proxecto a traballar. A través del fomentar o uso e pracer pola lectura, así como iniciais en hábitos lectores
Recuncho de relaxación	1 trimestral	Dentro do recuncho maker atopamos unha sección de relaxación. Unha actividade esencial para desenvolver o autocontrol e a capacidade de escoita.
Recuncho maker	1 trimestral	Crear actividades que nos fagan experimentar, investigar, manipular e coñecer novos materiais, técnicas para o desenvolvemento de todas as competencias.
Familias lectoras	1 trimestral	Propoñer actividades que requiran da participación das familias: contacontos, poesías...
Catálogo virtual	1 mes	Enlace ao catálogo de fondos da nosa biblioteca. Tamén se irán colgando información sobre os nosos contos e as seccións para achegar a toda a comunidade educativa o noso catálogo.
BiblioConexións	1 trimestral	Actividades relacionadas con outros centros e coa biblioteca pública de Salceda.
Recomendacións	1 mes	Mensualmente realizaremos recomendacións sobre materiais, contos ou

		actividades.
Que facemos no cole?	1 mes	Mostra sobre o día a día da biblioteca e do seu uso.

Todas estas actividades aparecen recollidas na páxina web do seguinte xeito:

Apartados páxina web	Contidos
A nosa biblioteca	Descrición da biblioteca do CRA. Neste apartado podemos ir observando os cambios e melloras neste espazo.
Catálogo virtual	Acceso ao catálogo virtual para consulta dos fondos da biblioteca. Tamén se expoñen as seccións da biblioteca e algunhas novidades. Neste apartado temos os titoriais para o uso e formación de usuarios.
Animación á lectura	Booktrailers. Videocontos, biblioconexións, recomendámosche, novidades, conmemoracións...
Experimentamos	Actividades relacionadas co recuncho maker que implican o proceso de experimentación e as producións do alumnado.
Recuncho maker	Robótica, ciencia, creatividade, xogos interactivos, realidade aumentada, materiais sensoriais, relaxación...
Catálogo material TIC	Catálogo para a centralización de todo o material TIC. Pódese realizar o préstamo, reserva ou devolución dos materiais.
Familias Lectoras	Apartado específico para todas as actividades onde se require a participación das familias.

Para o **alumando sen conectividade** realizaranse actividades específicas relacionadas coa temática e atendendo á súa situación. Trala análise cos

titores/as e equipo directivo realizaremos unha selección de material físico traballado para entregarllo a través do Concello de Salceda.

Actividades sobre conmemoracións ou festividadeas: Despois da reunión de coordinadoras dos diferentes equipos ao equipo de dinamización da biblioteca asignáronse as seguintes actividades:

Día das Bibliotecas Escolares (24 de Outubro)
--

Durante esa semana Caselín viaxará polas aulas levando as invitacións da inauguración da biblioteca nunha caixa pechada cun cadeado. Para descubrir o código secreto que abre o cadeado os nenos e nenas terán que superar varias probas (escape room).

Os nenos e nenas despois visitarán a biblioteca e alí elaboran un pasaporte para comezar a súa viaxe ao redor do mundo con Caselín.

Día Escolar da non Violencia e da Paz (30 de Xaneiro)
--

Traballaremos a tradición xaponesa de “As mil grúas”. Primeiro visionaremos a curtametraxe de “Sadako e as mil grúas de papel” e despois cada aula elabora a súa grúa de origami onde plasmarán a súa mensaxe de paz.

Todas as grúas serán penduradas en pólas de árbores.
--

Semana do libro (18-22 Abril)

Biblioretos: cada día Caselín proporanos un reto.

Os retos consisten en adiviñar en que cidade ou país atópase a biblioteca que mostramos na imaxe (traballaremos as bibliotecas máis importantes do noso planeta).

ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Ao longo deste curso seguiremos traballando para crear unha biblioteca na que todo o alumnado atope o seu lugar para traballar, espazos que integren a todos os nenos e nenas sen deixar a ningunha atrás, promovendo unha actividade inclusiva, igualitaria, normalizadora, respectuosa e visibilizadora de diversidade.

Intentaremos avanzar cara a unha biblioteca que responda ás necesidades de todo o alumnado do centro e que enfrente os retos que presenta a diversidade.

Tanto nas bibliotecas das aulas de parroquias como na sede deseñaranse recursos, materiais ou adaptacións as diferentes características do alumnado previo aviso dos titores/as.

Este curso seguiremos revisando e adaptando a sinalización da biblioteca con diferentes linguaxes (palabras, pictogramas, xestos...) tratando de chegar así do mellor xeito posible a tódolos nenos e nenas con capacidades diferentes.

Todas as medidas serán flexibles e susceptibles de cambios dependendo das demandas ou situacións que se poidan dar no centro.

PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES AO PRESENCIAL

No referente á atención educativa do alumnado nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: "PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS".